

Expediente nº 2611/2020

ANUNCIO
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL

Posto/s: Un Auxiliar electricista por período de **6 meses e a xornada completa**, asimilado a un Grupo C2 de funcionarios.

PROGRAMA DEPUEMPREGO . PLAN UNICO PROVINCIAL 2020.

- O contrato realizarásela pola modalidade de **acumulacion de tarefas, art. 1 do RD 2720/1998** de 18 de decembro, do seguinte xeito:

- As funcións obxecto do contrato serán as propias dun axudante electricista municipal, mantemento, reparación e supervisión das instalacións municipais de alumeado público e ou en inmobles ou edificios municipais así como dos equipos e aparellos eléctricos existentes. Deberá igualmente prestar o apoio necesario segundo as necesidades do servizo.

- As retribucións mensuais íntegras serán según convenio.

A publicidade da convocatoria realizarásela mediante oferta dirixida aos Servizos Públicos de Emprego e anuncio no taboleiro do Concello, sede electrónica da web municipal do Concello de Ribadeo e na web da Deputación Provincial de Lugo.

- Requisitos dos aspirantes:

* **Xerais:** Cumprir os requisitos de nacionalidade, idade e capacidade funcional previstos nos artigos 56 e ss. do Estatuto Básico do Empregado Público (aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro, BOE do 31/10/2015).

*** Específicos:**

O Título de Ciclo Medio de Formación Profesional na rama eléctrica, titulación semellante ou superior.

Carnet de conducir da clase B (turismos) e dispoñibilidade de vehículo.

As persoas a contratar a través deste programa producirán novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada.



Deberá acreditarse convenientemente coa documentación de demandante de emprego dos Servizos Públicos de Emprego.

CRITERIOS DE SELECCION:

1. Proba escrita: Puntuación máxima 10 puntos.

Consistirá nun exercicio tipo test de 20 preguntas que versará sobre aspectos xerais de Administración Local e de procedemento administrativo así como sobre coñecementos específicos do termo municipal de Ribadeo e cuestións relativas á prevención de riscos laborais (parte xeral e especial), segundo se sinala a continuación.

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos.

Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.

Cada resposta acertada terá un valor de 0,50 puntos. As respostas máis contestadas ou en branco non descontarán

Este exercicio **é obrigatorio e eliminatorio.**

A) Parte Xeral:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local. Disposicións xerais. Título I e II.
2. A Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Principios básicos. Disposicións xerais. Título I, II e III.

B) Parte especial:

- 1.-Coñecemento do termo municipal de Ribadeo: número e nome das parroquias, lugares de espacemento público, zonas verdes, espazos naturais, lugares de interese, etc.
- 2.-Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais. Principios Básicos. Capítulos I, II e III.

2.- Exercicio de idioma galego. Máximo 1 punto.

De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal seleccionado inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 5 minutos, e sen axuda de dicionario.

Por cada falta cometida descontarase 0,05 puntos.

O exercicio cualificarase cun máximo de **1,00 puntos.**

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 1 ou superior que se valorará con 1,00 puntos.**

3. Méritos.-



3.1.- Cursiños:

Cursos directamente relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados e debidamente certificados:

Puntuación máxima neste apartado: 2,00 puntos.

- 1.a Cursos de máis de 100 horas.....0,75 puntos.
- 1.b Cursos de 70 a 100 horas.....0,50 puntos.
- 1.c Cursos de 40 a 69 horas..... 0,35 puntos.
- 1.d Cursos de 15 a 39 horas..... 0,20 puntos.
- 1.e Cursos de menos de 15 horas..... 0,10 puntos.
- 1.f Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas.....0,05 puntos.

3.2.-Experiencias profesional:

Polo tempo de prestación de servizos en posto e categoría semellante en calquera administración pública ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0,10 puntos por mes completo.

Puntuación máxima neste apartado: 2,00 puntos.

A acreditación efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo organismo competente.

ORGANO DE SELECCIÓN:

Presidente: Titular: D. Francisco M. Moreda Gil, arquitecto municipal.

Suplente: D. Manuel Arias Amor, Electricista municipal.

Vogais:

Titular: D. Antonio J.Cuadrado García, Capataz Municipal.

Suplente: D.Celso López Pérez, Oficial do Servizo de Obras do Concello de Ribadeo.

Titular: D.Manuel Arias Amor, Electricista municipal.

Suplente: D. Manuel Rodil Oya, axudante de xardiñería do Concello de Ribadeo.

Titular: D. Carlos Longarela Sanfiz, arquitecto municipal da ARI do Concello de Ribadeo

Suplente: D. Santiago López López, Xefe de Grupo de Medio Ambiente do Concello de Ribadeo.

Secretario con voz sen voto:

Titular: D.José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral do Concello de Ribadeo, Secretario en funcións da Corporación.

Suplente: Don José A.Carro Asorey, Secretario Xeral en acumulación da Corporación.

DOCUMENTACION A PRESENTAR.-



Impreso oficial de solicitude (que se facilitará nas oficinas Concello), copia DNI/NIF, relación de méritos alegados e xustificante acreditativo suficiente de cada un dos mesmos (**segundo as esixencias destas bases**)

Toda esta documentación deberá achegarse polos interesados en orixinais e copia para a súa compulsa ou copia xa compulsada.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DATA DAS PROBAS E DA SELECCION:

A documentación deberá presentarse como máximo ata as **14 horas do día 20 de outubro de 2020** no Rexistro Xeral de Entrada de documentos do Concello, publicándose ao día seguinte resolución coa lista de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios e/ou web municipal.

A proba ou probas de selección de persoal e a cualificación dos méritos realizarase o **día 26 de outubro de 2020 ás 10,00 horas** na Casa do Concello, agás que por razóns técnicas ou doutra índole o Tribunal avaliador decida calquera modificación que será comunicada aos aspirantes.

Os/as aspirantes que resulten seleccionados/as deberán, durante o período de proba, pasar o recoñecemento médico procedente nos servizos médicos de prevención deste Concello co fin de acreditar non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións.

Igualmente os/as aspirantes seleccionados/as, unha vez asinado o contrato correspondente, quedarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades nos termos establecidos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas e demais lexislación de aplicación.

Ribadeo, 30 de setembro de 2020

O ALCALDE,

FERNANDO SUAREZ BARCIA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

